



ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO

1. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO: 23.02.2018

A Xunta de Goberno, na sesión do día 04.01.2018, acordou fixar como data para **a celebración do noso patrón o día 23.02.2018**. Nas próximas circulares achegarase a programación de actos, así como as persoas que este ano serán galardoadas coas medallas do noso Colexio.

2. COTAS COLEXIAIS TRIMESTRAIS / CENSO DE LETRADOS CONSELLO

a) Cotas colexiais

No orzamento para o 2018, aprobado pola Xunta Xeral o pasado 27.12.2017, establecíase que as cotas colexiais trimestrais non se incrementarían para o exercicio 2018, manténdose polo tanto nos mesmos importes do exercicio anterior no que foran rebaxadas en 40 euros anuais. Non obstante, a Xunta de Goberno comprometeuse na dita xunta xeral a estudar a posibilidade de rebaxar as cotas colexiais para o exercicio 2019 se a situación económica e de xestión do Colexio o permitían.

Polo anterior, na xunta de goberno que tivo lugar o pasado 04.01.2018 acordouse que durante este primeiro semestre se estude con detalle se a situación económica da tesouraría do Colexio pode asumir a dita rebaxa das cotas para o orzamento de 2019, que se elabora no último trimestre do ano.

b) Períodos de cobramento das cotas colexiais

As cotas colexiais trimestrais véñense cobrando aos colexiados nos primeiros quince días de cada trimestre, polo que coincide co momento de afrontar outros cargos trimestrais por parte dos colexiados (mutualidade, impostos etc.). A Xunta de Goberno, na sesión do 04.01.2018, acordou estudar a posibilidade de que os recibos das cotas trimestrais pasen a cobrarse a mediados de cada trimestre co fin de evitar que coincidan con outros pagamentos.

c) Censo de letrados do Consello da Avogacía Galega: incremento de cota

O Consello da Avogacía Galega, no pleno que tivo lugar o 18.12.2017, acordou un incremento da cota do censo de letrados para colexiados residentes, de 11 a 15 euros anuais.

A Xunta de Goberno, na sesión do 04.01.2018, tendo en conta que o Colexio de Avogados xa tiña elaborado o seu orzamento para 2018 (no que se incluía a cota de 11 euros) e que adoptara o compromiso de non incrementar as cotas trimestrais,





CIRCULAR INFORMATIVA 1/2018

acordou estudar a posibilidade de que o dito incremento (que sería de 1 euro ao trimestre por cada colexiado residente) fose asumido pola tesouraría do Colexio (aprox. 6.000 € anuais) para que así non repercutise sobre os colexiados.

Unha vez estudada esta posibilidade e a súa viabilidade, tomarase o acordo correspondente nas próximas xuntas.

3. FORMACIÓN: 1º TRIMESTRE 2018

Na xunta de goberno do pasado 04.01.2018 acordouse a programación de xornadas formativas co obxecto de abordar algunhas das materias de maior interese para os letrados e letradas que integran a quenda de oficio.

1. Ámbito penal

- A primeira asistencia letrada en centros de detención
- A folla de antecedentes penais
- Executoria penal e cómputo de penas
- Conformidades co Ministerio Fiscal
- Vías legais para evitar o cumprimento de penas de prisión

2. Ámbito civil, familia

- Competencia territorial nos distintos procedementos de familia
- Procedemento de exequátur
- Custodia compartida
- Outros temas de interese

En próximas circulares informarase da programación de datas e contidos.

4. CURSOS EN COLABORACIÓN CO COLEXIO DE ECONOMISTAS

O Colexio de Economistas da Coruña organiza os cursos “Contabilidade, práctica contable e análise de balances”, “Xestión laboral e contratación” e “Fiscalidade para a peme: IRPF, IVE e sociedades”. Os cursos realizaranse entre o 6 de febreiro e o 6 de marzo e as persoas que superen os tres módulos recibirán unha acreditación específica co Diploma de especialización en asesoramento fiscal, laboral e contable.

Os colexiados e colexiadas interesadas nestes cursos beneficiaranse dun desconto de 90 euros na matrícula (480 € para o público en xeral) grazas ao acordo de colaboración existente co noso Colexio.

Achégase tríptico coa información (PDF).